



SECUNDARIA **arquitectura** **popular**

MATERIAL DO PROFESORADO



• MATERIAL PARA O PROFESORADO

- O ESPAZO E A SÚA DEFINICIÓN	3
- EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO CONCEPTO DE ESPAZO	3
- O ESPAZO COMO ESENCIA DA ARQUITECTURA	5
- A EXPERIENCIA SENSORIAL DO ESPAZO ARQUITECTÓNICO	5
- O ESPAZO COMO FEITO POÉTICO	7
- DEFINICIÓN E ORGANIZACIÓN DO ESPAZO ARQUITECTÓNICO	9
- ELEMENTOS DEFINIDORES DUN ESPAZO	9
- RELACIÓNS ESPACIAIS ELEMENTAIS	11
- O MOVEMENTO A TRAVÉS DUN ESPAZO	11
- A ARQUITECTURA POPULAR	13
- AS CONSTRUCIÓNS ANÓNIMAS COMO INSEPARABLE PARTE DA ARQUITECTURA	13
- A VIVENDA POPULAR	14
- DISTINTOS NIVEIS DE PERFECCIONAMENTO NA VIVENDA POPULAR	14
- FACTORES DETERMINANTES DA VIVENDA ANÓNIMA	15
- ASPECTOS FUNDAMENTAIS DA VIVENDA POPULAR	16
- A LOCALIZACIÓN	16
- ESPAZO, FORMA E MATERIA	17
- DEFINICIÓN DUNS TIPOS FUNDAMENTAIS	19
- A PALLOZA	19
- A CASA DAS SERRAS GALEGAS	21
- A VIVENDA NAS CHAIRAS E DEPRESIÓNS LUCENSES	22
- A VIVENDA DAS AGRAS	23
- A CASA DOS VALES E DEPRESIÓNS OURENSÁNS	24
- A ARQUITECTURA DO VIÑO	25
- A CASA MARÍNEIRA	26
- A ARQUITECTURA POPULAR NO COMEZO DUN NOVO MILENIO	28

O ESPAZO E A SÚA DEFINICIÓN

PEDRO DE LLANO CABADO



CUNCA DE ARXILA

“Xuntamos trinta raios e chamámoslles roda. Pero a súa utilidade non depende máis que do espazo.

Utilizamos a arxila para facer unha cunca. Pero a súa utilidade non depende máis que do espazo.

Abrimos portas e ventás para construír unha casa e unicamente polos seus espazos podemos encontrar a súa utilidade.

Polo tanto, mentres nos aproveitamos do que é, urxe que coñezamos a utilidade do que non é”.

Lao-Tse 550 a.C.

Seguindo a poética visión de Lao-Tse, para os seus definidores o espazo supón, en último termo, o que o son poida significar para un compositor.



CONCERTO DE JAZZ NO GREEN VILLAGE

Se aceptamos a súa consideración, como ocorre co silencio no caso da música, cando falamos do espazo, o esencial é, polo tanto, o non existente. No caso da arquitectura, un espazo, definido por medio dunha construción, pero na súa apreciación nunca deberemos caer na reducionista posición de enfrontar o de dentro e o de fóra esquecendo a presenza duns limiares que nos descubren o infinito universo do entreaberto.

EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO CONCEPTO DE ESPAZO

¿Como poderíamos, polo tanto, definir o espazo?.

Observemos a evolución da súa visión filosófica e científica:

Platón inclúe o espazo como un dos catro elementos constitutivos do mundo -a terra, o lume, a auga e o aire- introducindo a xeometría como ciencia do espazo.

No século V a.C. **Demócrito** afirma que *“o baleiro é o espazo libre que, como unidade complementaria do cheo (materia) forma o universo”*. O espazo sería para el, polo tanto, a carencia de materia.



PAISAXE DESÉRTICA EN LANZAROTE

Aristóteles rexeitará, pola súa banda, as ideas estereométricas de Platón, desenvolvendo á teoría do “lugar” ao definilo como campo dinámico con direccións e propiedades cualitativas. Un medio onde *“todo está nalgún sitio, é dicir, nun lugar... Un lugar, o espazo -dirá- non pode ter corpo... Hai dúas cousas: corpos e baleiro... No baleiro encóntranse os corpos”*. A xeometría euclídea concibe, así, o espazo como infinito e homoxéneo.

Kant contempla o espazo como algo diferente e independente da materia. É unha categoría do coñecer humano e só lle interesa en canto a que nel organizamos a nosa vida.

Einstein, coa teoría da relatividade proporciona, finalmente, un novo concepto (espazo/tempo) de fundamental importancia para a arquitectura. Para el **o espazo experimentase no tempo. Non basta, polo tanto, concibilo como algo estático que se domina desde un punto de vista illado, en cada momento, senón como algo onde nos movemos, de xeito que a nosa experiencia espacial vai enriquecéndose constantemente. Temos que estudialo como una interacción entre o home que nel se move e o seu contorno.**

Os arquitectos e artistas da vangarda do inicio do século XX acolleron esta **teoría da relatividade** cun desacostumado entusiasmo, como consecuencia da nova visión do espazo por ela proporcionada. Unha visión na que os distintos conceptos de espazo antes existentes aparecían reducidos a tres categorías básicas:

- o concepto de espazo como campo cuadridimensional.
- o concepto de espazo como contedor de todos os obxectos materiais.
- e o concepto de espazo como lugar no que a observación do espazo baleiro non ten ningún sentido por depender este, directamente, dos obxectos materiais.

A arquitectura, na súa máis ampla concepción, non era, despois de todo, máis que a visualización simultánea desas tres ideas de espazo.

Desde esta perspectiva podemos, polo tanto, proceder a unha primeira revisión conceptual que nos permita avanzar na nosa introdución ao espazo como aspecto esencial de calquera arquitectura, por medio da concreción de tres, ¿ou catro?, definicións elementais:

- **O espazo como continente de todos os obxectos sensibles e, tamén, como transcurso do tempo.**
- **O baleiro como espazo non ocupado.**
- **O lugar como espazo ocupado, ou que pode ser ocupado, por un corpo calquera.**
- **O ámbito como contorno dun espazo comprendido dentro duns límites determinados.**

Son, os catro, conceptos esenciais para poder chegar a entender a idea de espazo e a súa presenza como corazón da arquitectura.



CABALOS NOS MONTES DA COSTA DA MORTE




ACCESO Á PRAZA DO CHASE MANHATTAN BANK



MUSEO DE ARTESANÍA DE FRANKFORT. RICHARD MEIER



PANTEÓN DE ROMA



O ESPAZO COMO ESENCIA DA ARQUITECTURA

O espazo constitúe, polo tanto, o ámbito no que o home se relaciona co seu medio, facendo que o seu universo existencial se estableza en función da relación fluante existente entre os espazos exteriores e interiores nos que desenvolve a súa actividade. Entre o que podemos denominar como espazo absoluto e os espazos relativos.

Mentres o espazo exterior existe a priori, é o espazo natural, o espazo interior dáse só coa existencia do home. É, polo tanto, un espazo artificial definido pola forma material da obra.



MENCER NOS ANCARES



PAVILLÓN DE BARCELONA, MIES VAN DER ROHE. 1929



ALDEA NA TERRA DE MELIDE



INTERIOR DE TENDA RURAL

O baleiro e a construción dan, logo, lugar á polaridade dialéctica básica da arquitectura, facendo que esta poida ter sido definida como “a arte do espazo”.

Trátase, como ocorre co Panteón romano, de crear un espazo mediador entre o home e o cosmos. Un lugar estimulado coa penetración da luz e a textura pétreo do lugar que nos concreta a idea de espazo como diálogo entre a masa e o baleiro, facéndonos ver que **espazo interior e exterior non son conceptos situados en polos opostos, senón nocións que dependen unha doutra e que deben ser contempladas como realidades complementarias.**

A EXPERIENCIA SENSORIAL DO ESPAZO ARQUITECTÓNICO

É habitual que ao falar do espazo arquitectónico o profano e, moitas veces, os propios profesionais se refiran tan só ás súas dimensións -longo, ancho, alto- e ás súas relacións, buscando nelas a súa única explicación.

A experiencia espacial vai, sen embargo, moito máis alá desas tres dimensións. O espazo temos que sentilo, exploralo, dun xeito que escapa aos límites da xeometría. Os nosos distintos sentidos fanse imprescindibles na súa comprensión. Despois de todo **a percepción dun espazo non só depende da posición do usuario no mesmo senón tamén da súa actitude persoal e dos distintos estímulos que ese espazo proporcione a cada unha das súas sensacións.**

As determinacións do clima, das necesidades dunha determinada sociedade, os seus conceptos estéticos e



TENDA DE ESPECIAS NA INDIA

influencias relixiosas definirán, ademais, uns espazos determinados como consecuencia dunha vontade de creación.

Un espazo arquitectónico é, logo, unha determinada área activada dentro dunha tridimensionalidade infinita que pode ser contemplada desde moi diferentes niveis de significación.

Na cultura xaponesa, por exemplo, a conexión entre o espazo edificado e a natureza domina moitas das propostas arquitectónicas. Os edificios expándense no lugar dificultando a delimitación entre ambos os dous conceptos.

Cada espazo construído asume a necesidade de conexión con distintos espazos exteriores en cada unha das estacións do ano. É, esta, a consecuencia dunha sofisticada doutrina Zen e as súas visións acerca das relacións entre natureza, poesía, relixión e vida.

O espazo asume, alí, un rol dominante que ten a base nun concepto fundamental -a indivisibilidade de cada experiencia- a través do que, desde a filosofía zen, se denomina como "movemento infinito". É, este, o eterno fluxo no que se inscriben as nosas vidas. Un eterno movemento no que se desenvolveron todos os cambios e ninguén pode parar, tan só dirixir.

Así, os movementos a través do espazo non poden ser limitados, só dirixidos.

O espazo constitúe para eles unha verdade esencial, porque só no espazo é posible o movemento. O espazo é o medio universal a través do cal a vida foi movéndose en constante transformación, un proceso no que lugar e tempo tan só xogaron un relativo papel.

A arquitectura xaponesa desenvólvese, así, por medio de gaiolas estruturais, como unha serie de rítmicos modelos e planos de referencia que precisan e definen as proporcións e continuidade do espazo. Marcada por ritmos estruturais, muros, pantallas... que parecen flotar no espazo dirixindo os nosos movementos, e unhas abertas relacións co exterior dá ao espazo unha sensación de posible extensión infinita, ligándoo, nunha ordenada relación, co ritmo das rochas e da vexetación exterior.

O encontro entre a arquitectura e a natureza é, para eles, a chave da expresión espacial. Trátase de buscar a ruptura dos límites entre a expresión dun espazo concreto e a súa continuidade no espazo global. Nela, o espazo non se ve, séntese e, por iso, apréndese a través de infinitos camiños.

As peculiaridades espaciais son, pois, dunha enorme riqueza na que entra a forma e a proporción, pero tamén o grao de cerramento, a luz, o olor, as texturas...

Os ámbitos arquitectónicos poden ser, así, percibidos, por exemplo, como expresión das nosas experiencias hápticas (procedentes do sentido do tacto)... xa que os nosos corpos -aínda que non sexamos conscientes do proceso- están nun permanente e total diálogo cos espazos que utilizamos, perceptible, por exemplo, polo feito de que cando existen obxectos moi próximos a nós, como unha parede, sentimos o corpo contraído, mentres que se nos orientamos cara a algo aberto, xa sexa unha porta, unha ventá... a sensación que se experimentará será a de relaxación.

Cando ese sentido da proximidade ou, mesmo, do tacto é o que goberna a configuración espacial, o tipo de espazo estruturado caracterízase pola primacía duns espazos de percorrido que permiten descubrir, con curtos desprazamentos,



VIVENDA XAPONESA



ESCUPTURA EN BASILEA, RICHARD SERRA



PÓRTICO DA GLORIA



MADISON SQUARE GARDEN



ANOITECER NA RÍA DE PONTECESO



LAR DUNHA PALLOZA



PALLOZA

novos aspectos espaciais, consistindo os recursos técnicos para tal fin, ben en simples cambios de dirección ou ben en obstrucións localizadas na liña de visión.

Trátase, logo, de estudar o espazo non só como concreción dunha forma arquitectónica senón tamén como lugar no que se desenvolve a vida, coa activación de todos os nosos sentidos. Despois de todo, o espazo, percibido co movemento, co oído, coa vista, co tacto, co olfacto... cambia constantemente nas súas características facendo que un mesmo lugar poida ser totalmente distinto en uso ou en desuso. ¿Sería, tal vez, a mesma a percepción da catedral de Santiago baleira ou da catedral chea de peregrinos, co botafumeiro balanceándose sobre a súa nave transversal, durante a celebración do culto? ¿Sería a mesma a percepción dun mercado desocupado que durante as horas de máxima actividade? ¿Sería o mesmo o Madison Square deserto que durante un xogo dos *Nicks*?...

Cada unha das distintas interpretacións das características espaciais expresa, polo tanto, un elemento concreto do mesmo, pero será insuficiente por si mesma para representalo. Un debuxo, unha imaxe fotográfica dun espazo arquitectónico, o son gravado no mesmo... son, despois de todo, tan só frases illadas dun texto destinado a reflectir unha arquitectura.

O ESPAZO COMO FEITO POÉTICO

A percepción dun espazo concreto pode, así, ser definida como un auténtico feito poético.

Se partimos de que a empatía é máis un sentimento -que nos fala da unión emocional que se produce entre unha persoa e un obxecto ou un ámbito cando proxectamos sobre eles as nosas emocións persoais- que un proceso mental, observaremos, por exemplo, cómo o caso dunha tipoloxía arquitectónica concreta -a vivenda- pode converterse nun inmejorable campo para un estudio fenomenolóxico dos valores da intimidade espacial.

A vivenda, como calquera outro espazo arquitectónico, bríndanos a un tempo imaxes dispersas e un corpo único de imaxes permitíndonos observar como habitamos os nosos espazos de acordo con todas as dialécticas da vida. Como nos enraizamos, día a día, nun recanto do mundo.

A casa é a nosa gorida no planeta, podendo facer un universo de vivendas tan humildes como as nosas primitivas pallozas.

Nelas, por exemplo, o espírito do lugar albégase nun único e escuro espazo global. Un espazo no que podemos observar como a relación lonxitude/anchura/altura do mesmo determinan o xeito de vivilo, establecendo as peculiaridades dos nosos movementos.

A terceira dimensión, unha altura que se perde nas tebras, ten nelas, unida á escuridade reinante, un enorme poder á hora de configurar a calidade espacial dun recinto no que as variacións de elevación ao pasar dun espazo a outro determinan diferentes funcións e sensacións (os lugares de repouso, por exemplo, cónfórmanse como caixóns pechados e de pouca altura que

parecen pensados como simples recantos nos que illarse para durmir; a amplitude do seu ámbito central elimina a sensación de estatismo procedente da identidade entre lonxitude e ancho ofrecéndonos a impresión dun mesmo ámbito subdividido en varias zonas; a través das súas limitadas aperturas ao exterior encontramos sutís entradas de luz cara ao interior dese grande espazo de escuridade... E todo isto dentro dos confíns dese ámbito único...

Os recordos do mundo exterior non terán nunca a mesma tonalidade que estas lembranzas da casa. A casa, aínda as máis modestas vivendas, albergarán para sempre un gran número dos nosos máis prezados recordos.

Cando penso en arquitectura -escribiu o arquitecto suízo Peter Zumthor- as imaxes comezan a vir á miña mente.

Moitas destas imaxes están conectadas coa miña actividade como arquitecto, pero outras moitas son imaxes procedentes da miña infancia.

Houbo un tempo en que eu experimentei a arquitectura sen pensar nela. Algunhas veces podo aínda sentir un particular picaporte na miña man, unha peza de metal con forma de mango de culler.

Unha destas imaxes perseverantes lévame ao proceso de acercamento á casa da miña tía a través do seu xardín.

O seu picaporte aínda aparece no meu recordo como un signo especial de entrada a un mundo diferente de olores e sabores.

Recordo o son da grava baixo os meus pés, o olor e o brando escintileo da cera das escaleiras do faiado.

Podo escoitar a sólida porta de entrada pechándose mentres camiño ao longo do escuro corredor e entro na cociña, o único espazo da casa cunha luz realmente brillante.

Recordando, parece que fora a única habitación da casa na que o teito non desaparece co solpor; os pequenos e hexagonais azulexos vermellos do chan son moi escuros e gastados e están tan unidos que as fendas entre eles parecen imperceptibles... un olor de pintura nova emana da alacena...

Se probamos a recuperar os nosos máis antigos recordos sobre os nosos espazos vividos -a nosa casa, a nosa escola...- observaremos, con sorpresa, que tamén no noso caso se solapan os recordos de heteroxéneas sensacións.

Son, estas, ideas pensadas nun tempo abstracto nas que os recordos permanecen ligados ao noso movemento e ás nosas percepcións corporais. ¿Como era de grande aquel lugar? ¿de onde viña a luz? ¿estaba moi cheo de cousas? ¿como eran os sons que alí se escoitaban?...

Cando consideramos o noso corpo inmerso nun espazo arquitectónico, calquera descrición ou abstracción do mesmo adquire inmediatamente varios niveis de significado.

Collamos, como última mostra, a casa Domínguez proxectada para a Caeira pontevedresa por Alejandro de la Sota. Apoíándose nun abstracto esquema inicial afirma:

"Neste proxecto, o habitáculo do home pode ser representado por unha esfera cortada ecuatorialmente polo plano de terra. A semiesfera soterrada usarase para o descanso, a inactividade, a reposición de forzas e o pensamento; a semiesfera por riba do plano de terra será onde o home desenvolva a súa actividade, onde desenvolva o pensado. De materiais pétreos, terrosos, a primeira; transparente, de cristal, a segunda.




ESTRUTURA DUNHA PALLOZA



INTERIOR DUNHA VIVENDA NOS ALPES SUIZOS



PISCINA EN LEÇA DE PALMEIRA. ALVARO SIZA



CASA DOMÍNGUEZ. ALEJANDRO DE LA SOTA



MANHATTAN

O movemento que se dirixe cara arriba resulta extenso, etéreo, luminoso. O movemento que se dirixe cara abaixo constitúe o camiño do material, da escuridade da cova... Parece que os seus espazos quixeran vivir nun mundo de metáforas -a reclusión do ventre, da tumba fronte á resurrección da levidade e a luz...- mentres que no seu interior o espazo aparece, unha vez máis, como lugar no que se desenvolve a vida, coa activación de todos os nosos sentidos".

DEFINICIÓ E ORGANIZACIÓN DO ESPAZO ARQUITECTÓNICO

O Espazo existe, logo, non como algo finito, senón como un contínuum do que a arquitectura é, simplemente, unha parte máis, que conforma ámbitos pechados e abertos (exteriores e interiores). Lugares nos que se desenvolve a actividade humana.

O espazo arquitectónico é, a fin de contas, o escenario permanente da nosa vida. *"Un edificio -dixo Saarinen- non é máis que a organización do espazo no espazo. Como o é a comunidade. Como o é a cidade".*

Distintos espazos entre edificios conforman o tecido urbano. Distintos espazos nun edificio conforman a súa arquitectura.

ELEMENTOS DEFINIDORES DUN ESPAZO

A definición do espazo representa, polo tanto, o tema central da arquitectura.

Pensemos, por exemplo, nun vaso de auga. Se observamos aquela cápsula que distingue o seu interior do seu exterior, o seu medio envolvente, percibiremos que: o aire é o espazo exterior. A auga, o interior. O límite da forma do vaso, límitase a unha delgada lámina de cristal. Pero, ademais, existe unha última cara formada por un plano límite imaxinario. Este plano límite entre a auga e o aire constitúe o que nós denominaremos como limiar.

Coma no caso do vaso, unha arquitectura non é máis que un espazo no espazo cunha ou varias zonas de limiar que contribuirán decisivamente á súa posible calidade en función dunha relación con todo o complexo arquitectónico determinada polo seu grao de cerramento (aberturas, luz, vistas...) e sentido da articulación.

A creación de perforacións nas superficies de cerramento resultará, logo, un feito de considerable importancia na definición dunha arquitectura, chegando ao punto de que, para Kahn, por exemplo, o grande evento da arquitectura non consiste na creación dos muros senón na súa ruptura. *"Na arquitectura -escribiu- o importante non é a colocación da materia para pechar un espazo senón a súa substracción para abrílo. A busca do equilibrio entre o positivo e o negativo".*

A superficie como límite entre a masa e o espazo envolvente implicará, por outra banda, que a súa lixeireza ou pesadez afecte decisivamente á interpretación dunha arquitectura.



KUNTSHAL DE ROTTERDAM. REM KOOLHAS



SEDE DA ASOCIACIÓN DE FIANDEIROS DE AHMEDABAD. LE CORBUSIER

Pero, **¿cales son os mínimos elementos capaces de delimitar un espazo rotundamente illable?**

A utilización dun simple plano horizontal que a xeito de tapiz cubra unha determinada superficie -tal como ocorre cunha alfombra- podería, tal vez constituír o límite na concreción dun espazo. Unha superficie susceptible de ser enfatizada mediante o simple recurso da súa elevación ou depresión con moi diferentes alturas, que percibiremos máis claramente cando situamos sobre ela algún novo elemento vertical. Entón, coma no caso en que a convertemos en pedestal expositivo, faise especialmente activa.

A utilización de simples elementos lineais verticais definindo arestas ou planos -como ocorre coa columnata de San Pedro de Roma- podería, por outra banda, constituír unha nova alternativa límite na definición dun espazo. Unha alternativa que, en todo caso, resultará moito máis dinámica que a definida pola presenza de planos horizontais, transmitíndonos unha clara impresión de clausura por medio do control dunha actividade visual na que dúas columnas nos permiten determinar un plano mentres parecen orixinar un volume.

Mais, **polo común, os distintos espazos arquitectónicos aparecen delimitados por elementos superficiais verticais**, de xeito que se un só plano vertical define un espazo anterior, dous planos en L xerarán espazos autoportantes organizados en torno ao vértice, dous planos paralelos unha área axial de marcado carácter direccional, tres planos en U un volume orientado cara ao extremo aberto, e catro planos, formando un polígono, un espazo introvertido.

Se partimos de que un espazo necesita para a súa definición duns límites que o separen e distingan do que non o é, para o seu coñecemento deberemos, polo tanto, estudar as distintas barreiras existentes entre el e o exterior. Barreiras, como vimos, cunha relación inmediata co carácter do seu contorno, coa luz, coa textura... que fará que a súa lixeireza ou pesadez afecte decisivamente á interpretación da arquitectura.


Ante calquera arquitectura cabe, entón, preguntarse: ¿de que clase de espazos estamos falando? ¿Como se relacionan co exterior? ¿Cales son as súas proporcións e escala? ¿Como se iluminan? ¿Cales os seus materiais e color?...

Cando contemplamos un conxunto arquitectónico, inmediatamente podemos facer unha primeira aproximación ao mesmo: en primeiro lugar vemos o conxunto, os volumes que configuran os elementos citados, os baleiros presentes entre eles, os seus accesos. Logo, pouco a pouco, ao ir achegándonos imos observando o detalle da súa construción e os valores das súas superficies... para ao fin introducirmos nos espazos por elas definidos.

Volume, espazo e superficie coas súas diferentes relacións mutuas dan lugar, pois, á arquitectura.




FUNDACIÓN BEYELER. RENZO PIANO




PLATAFORMA. KARL ANDRÉ



AXONOMETRÍA DE DIVISIONS INTERIORES PARA UNHA VIVENDA. TADAO ANDO.



SAN PEDRO DE ROMA. BERNINI



PAVELLÓN DE BARCELONA. MIES VAN DER ROHE



VILA SAVOYE. LE CORBUSIER



XIMNASIO MARAVILLAS. ALEJANDRO DE LA SOTA

O primeiro paso para a comprensión do espazo é, pois, o estudo do seu recinto como lugar comprendido dentro de certos límites nos que a xeometría aparece como unha das bases fundamentais da concreción dunha arquitectura.

RELACIÓNS ESPACIAIS ELEMENTAIS

As nosas posibilidades diríxense, logo, fundamentalmente á observación da constitución do recinto en termos de clausura como ámbito tridimensional por medio da súa configuración global e da sintaxe dos seus volumes parciais.

A observación da composición e articulación dos seus espazos secundarios -as máis das veces caracterizados por unha configuración xeométrica facilmente perceptible, de xeito que poida separarse do conxunto sen ambigüidades- **axudaranos, pois, a comprender unha arquitectura.**

Moi poucas son, por outra banda, as arquitecturas compostas por un único espazo... Polo común, **cando falamos dunha arquitectura falamos da interrelación de diferentes espazos** que nos levan á formulación dun importante conxunto de cuestións: **¿cal é o esquema de relación entre os seus distintos espazos? ¿están ou non conectados? ¿como se relacionan entre si?, ¿que circulacións se establecen entre eles? ¿como e onde se localiza o seu acceso? ¿como se relacionan co seu contorno?...**



VILA SABOYE. SALA E TERRAZA. LE CORBUSIER

Ao falar de arquitectura estamos falando, logo, de distintos tipos de agrupacións espaciais. De espazos interiores a outro nas que as dimensións do primeiro permiten conter o segundo. De espazos contiguos -divididos por un plano divisor, unha liña de columnas, un cambio de cota...- nos que se mantén unha clara identificación de cada ámbito. De espazos vinculados por un terceiro común que pode diferir formal e espacialmente deles...


O MOVEMENTO A TRAVÉS DUN ESPAZO

Tal como observamos ao referirnos á súa experiencia sensorial, para a comprensión dos espazos dun territorio, unha cidade ou un edificio resulta, finalmente, imprescindible comprender a súa configuración circulatoria.

Circulación e espazo representan, fundamentalmente, os compoñentes estático e dinámico dunha arquitectura.

A articulación dos imperativos de movemento e estabilidade forman a súa esencia.

O feito de que a circulación determine a maneira en que unha persoa desenvolve a experiencia da cidade ou o edificio supón o seu relevante papel na captación dos aspectos esenciais deses espazos implicando unha determinante influencia na organización espacial dos mesmos.



ASPECTO NOCTURNO DA RELACIÓN ENTRE OS DISTINTOS ESPAZOS DUNHA VIVENDA



MUSEO GUGGENHEIM DE NEW YORK. FRANK LLOYD WRIGHT

Coñecer unha arquitectura implica, polo tanto, ademais de coñecer as súas características formais, vivir os seus espazos.

¿Cales son, logo, as características dos seus percorridos? ¿Cales as formas do espazo de circulación? ¿Cales as percepcións non unitarias dunha arquitectura?

Se pretendemos alcanzar un fondo coñecemento dun espazo trátase, pois, de observar a percepción dos límites e relacións entre os seus distintos ámbitos, a configuración dos seus percorridos e o papel na mesma dunhas proporcións e iluminación de considerable importancia para a articulación e animación dunhas zonas de tránsito marcadas polas súas peculiaridades formais así como as súas distintas aperturas ao exterior.

Este, e non outro, será o auténtico camiño para un correcto discernimento das peculiaridades básicas daqueles escenarios nos que se desenvolven as nosas vidas.



TERMAS DE VALLS. PETER ZUMTHOR

A ARQUITECTURA POPULAR

Unha óptima mostra de relación entre o home e o seu medio ao longo dos séculos

PEDRO DE LLANO CABADO



ARQUITECTURA CULTA E ANÓNIMA CONVIVEN EN CADA UN DOS NOSOS CONXUNTOS URBANOS



VIVENDA RURAL NO CONCELLO DE VILALBA



PONTE NO CAMIÑO DE SANTIAGO

AS CONSTRUCIÓN ANÓNIMAS COMO INSEPARABLE PARTE DA ARQUITECTURA

Se admitimos, como fixemos na primeira das nosas unidades didácticas, que o **espazo constitúe o ámbito no que o home se relaciona co seu medio**, facendo que o seu universo existencial se estableza en función da relación flutuante que existe entre os espazos exteriores e interiores nos que se desenvolve a súa actividade, deberemos, en primeiro lugar, fixar a nosa atención nunha arquitectura durante moito tempo esquecida como tal, por considerala allea a calquera tradición académica. Unha arquitectura da que podemos extraer fundamentais ensinanzas no referente ao uso da racionalidade na definición dunha evolución espacial e construtiva.

Os grandes mestres da arquitectura do século XX encargáronse, así, de recordarnos que, xunto ás distintas mostras procedentes de cada un dos grandes movementos históricos, podemos encontrar un sen fin de **pequenas arquitecturas anónimas que nos proporcionarán as máis certas materializacións espaciais dunha determinada cultura**.

Para eles o concepto de arquitectura abarcaría, pois, **“a análise de todo aquel conxunto de transformacións dun espazo xeográfico realizadas polo home para lograr unha mellor calidade de vida, desde os muros, valados, alpendres... até a propia vivenda”**, constituíndo esta un primeiro e fundamental banzo na aproximación a calquera tradición edificatoria xa que, ao seu través, podemos observar cómo habitamos os nosos espazos de acordo con todas as dialécticas da vida.

É, esta, unha definición que, repudiando **“clasistas”** delimitacións, implica **a integración no dominio da arquitectura de todo tipo de construcións**. Unhas edificacións intimamente vinculadas a unhas xentes que, século tras século, foron quen de levantalas sen máis experiencia que a tradición, nin máis axuda que a da propia comunidade. **Unhas edificacións que parecen nacer como unha prolongación da paisaxe, dos factores determinantes -clima, materiais, economía...- implícitos nas peculiaridades do seu contorno e do carácter do home que as vaia habitar**, dando lugar

a unhas solucións espaciais e construtivas que pola súa identificación con cada país e as máis inmediatas necesidades do seu pobo, constituirán un dos seus máis destacados sinais de identidade.

A VIVENDA POPULAR

Como primeiro paso no camiño de calquera estudo sobre esta arquitectura, tamén denominada **arquitectura vernácula** ou **arquitectura sen arquitectos** haberemos de abordar, logo, os distintos modelos dados polo construtor á edificación central da súa explotación familiar: a casa-vivenda.

A casa é o noso recanto no mundo, facendo un universo do máis humilde refuxio. A vivenda, como contedor, sitúa o noso corpo como centro e medida do mundo. A vivenda ten sido, desta sorte, definida como aquel lugar onde o home se asenta, séndolle asimiladas denominacións máis ou menos complexas, entre as que cabe sinalar as de: **MORADA**, que simplemente define o espazo pechado no que se vive; **HABITACIÓN**, que engade á definición anterior unha estabilidade certa en canto á súa localización, ou **EDIFICIO**, termo que procede da raíz latina *aedes facio*, que, coa súa significación de construído ou levantado, contribúe a ultimar a definición dándolle un contido de **espazo creado por medio duns materiais durables**.

Recollida a totalidade destas descrições poderíamos chegar a unha definición última da vivenda, como **“aquel espazo pechado, estable e construído con materiais do contorno, que utiliza o home como protección da súa morada fronte ao clima, e como instrumento da súa economía”**.

A vivenda será, polo tanto desde esta perspectiva, o conxunto de espazos utilizados para múltiples cometidos, que abarcan, desde o seu papel como dormitorio, cociña ou lugar de relación, até o de almacén ou corte, dando lugar a heteroxéneas solucións en función das necesidades dos seus usuarios.

DISTINTOS NIVEIS DE PERFECCIONAMENTO NA VIVENDA POPULAR

A vivenda anónima contará, pois, con moi diversas peculiaridades en función da súa localización e do grao de desenvolvemento cultural dos seus construtores, podéndose, en resumo, sinalar desde esta perspectiva tres grandes grupos de moradas:

- **As vivendas transitorias** dos grupos transhumantes, como aqueles iglús construídos polos esquimós con neve compactada polo vento cortada en bloques para ser colocada como muro nunha base circular que dá lugar a unha construción con forma de casquete esférico; as tendas cónicas dos indios americanos construídas cunha sinxela estrutura de madeira cuberta por peles de búfalo cosidas, ...



VIVENDA E HÓRREO NOS ANCARES



LAREIRA



TIPI SAMI EN NORUEGA



ALDEA NA INDIA



VIVENDA RURAL EN LANZAROTE



EDIFICACIÓNS RURAIS NA SELVA NEGRA



VIVENDA RURAL NAS MARIÑAS CORUÑESAS



PALLOZA



VIVENDA NAS SERRAS ORIENTAIS



CASA-VIVENDA NAS AGRAS CORUÑESAS

- **As vivendas semipermanentes** dalgunhas comunidades campesiñas, utilizadas durante varios anos, ou durante unha parte do ano, como os distintos tipos de cabanas circulares africanas construídas con muros de barro e cuberta de palla; as colectivas dos pobos *hopis* de Arizona, que formaban un conxunto homoxéneo similar a unha fortificación á que se accedía desde a terraza por medio dunha escaleira, as rudas cabanas das alzadas galegas construídas con mal cachote e cuberta vexetal...

- **As vivendas permanentes** das sociedades agrícolas avanzadas como as europeas, entre as que podemos encontrar diferenzas tales como as existentes entre unhas sinxelas e xeométricas casas campesiñas mediterráneas, con cuberta plana similar á utilizada en calquera das culturas norteafricanas, e os distintos tipos de casa de montaña presentes ao longo das nosas principais cadeas montañosas, nos que grandes cubertas a dúas augas de considerable pendente protexerán a totalidade duns espacios interiores -máis ou menos divididos- nos que se albergan a totalidade das funcións da unidade familiar de produción.

FACTORES DETERMINANTES DA VIVENDA ANÓNIMA

Falamos, no comezo do tema, dun conxunto de feitos que haberían de determinar as características de calquera **arquitectura vernácula**: uns de carácter material -o clima, os materiais, a tecnoloxía...- e outros de carácter sociocultural -a economía, os costumes, ...-. Observemos agora, como exemplo, a súa influencia na arquitectura anónima galega:

As diferenzas climatolóxicas actúan, en primeiro lugar, como principal factor determinante desta arquitectura sen arquitectos. A sociedade campesiña ante a súa necesidade de facer fronte a un clima concreto adquiriu unha grande experiencia en cómo afrontar o clima cuns elementalísimos medios consistentes en: a localización dos edificios, a súa orientación, a utilización de fontes de calor ou a elección e uso dos materiais indicados, dos que as nosas, xa mencionadas, pallozas poderían constituír un inmillorable exemplo.

Alí onde o home ten o seu principal inimigo na climatoloxía, a palloza ofrécenos un rotundo exemplo sobre un xeito de convivencia entre o ser humano e a natureza a través da utilización duns moi elementais medios.

A elección dos materiais máis aptos para conseguir as mellores condicións de protección climática (pedra, madeira e palla) e a utilización do lume da lareira, o forno e os animais para mellorar a temperatura interior da vivenda constitúe unha magnífica mostra de cómo a intelixencia do construtor pode levalo a defenderse do medio cuns elementalísimos recursos.

A palloza, coa súa compacta planta protexida por unha cuberta de grosas capas de palla -caracterizada por unha volumetría similar a un casco de barco invertido orientada no sentido dos ventos dominantes- que lle proporciona unhas favorables condicións de illamento térmico e impermeabilización e delimitada por un muro de trazado oval ou elíptico e escasa altura co fin de evitar a perda de calor, procedente do lar, o forno e a transpiración dos animais, facendo uso da mínima superficie exposta ao exterior, ofrece aos seus habitantes un mantemento de temperaturas interiores medias de catorce graos mentres as exteriores chegan aos quince graos baixo cero.

O escaso coñecemento da técnica de construción, unido ás limitacións impostas polo uso exclusivo dos materiais presentes no lugar no que se localiza a vivenda (lousa, tella, palla...) supuxo, por outra banda, na arquitectura sen arquitectos, a repetición dunhas edificacións cunhas grandes similitudes concretadas nuns volumes elementais -determinados por uns muros moi sinxelos e limitadas cruxías, con escasos elementos ornamentais e unhas cubertas de entre dúas e catro augas- con moi poucas variantes.

Mentres, **a súa construción como espazo destinado a servir a distintos tipos de actividades** -produtivas, residenciais...- deu lugar a distintas organizacións da edificación en función, non só das características da cultura á que os seus habitantes están ligados senón, sobre todo, do tipo de explotación dominante. As solucións proporcionadas polo campesiño á súa arquitectura dificilmente poderán ser, así, comprendidas sen coñecer os seus problemas como produtor agrario e as características dos traballos que ten que realizar na casa, nos espazos inmediatos (cuberto, eira...) e nos de carácter comunal.

ASPECTOS FUNDAMENTAIS DA VIVENDA POPULAR

Á hora de analizar as peculiaridades básicas de calquera arquitectura vernácula deberemos estudar, logo, catro aspectos básicos relacionados cos distintos elementos determinantes presentes na definición antes dada para a vivenda popular: o referente á súa concepción como lugar estable, **a localización**; como contedor máis ou menos pechado, **o espazo**; como elemento construído cuns determinados materiais, **a materia**; e como corpo resultante das características implícitas neses espazos e posibilidades construtivas, **a forma**. Cada un destes aspectos dependerá, lóxicamente, dos mencionados factores determinantes, sendo estes, en último termo, os que, a través da súa interrelación, determinarán variables tales como as características da súa localización nun medio determinado ou os cambios de espazos e formas apreazables en cada tipoloxía.

1. A localización

O primeiro aspecto que hai que abordar á hora da análise dunha tipoloxía arquitectónica é o da súa localización dentro dunha ampla área de características máis ou menos comúns, **o megatopos** dos xeógrafos, e o seu empra-zamento nunha área máis inmediata, **o microtopos**, na que podemos estudar as distintas variantes da súa inmediata relación co contorno -as peculiaridades da súa orientación, as distintas posicións do edificio con respecto ao medio circundante e mailas características da agrupación de construcións na que se integra, ben sexa en relación coas súas propias construcións adxectivas ou con outros edificios inmediatos-, xa que dada a profunda relación existente entre a arquitectura popular e o seu medio, sería difícil adentrarnos na súa análise sen antes contar cun elemental coñecemento do espazo xeográfico no que se



PALLOZA



LAREIRA



CORREDOR NO COUREL



ALDEA NA TERRA DE MELIDE



ACCESO ÁS CORTES NUNHA VIVENDA RURAL



COCIÑA NUNHA VIVENDA RURAL. SOBRADO DOS MONXES



DORMITORIO NUNHA VIVENDA RURAL. SOBRADO DOS MONXES



DORMITORIO. VAN GOGH

sitúa, espazo que vén definido non só polos accidentes e elementos que o caracterizan, senón tamén polas distintas obras nel realizadas á procura dunhas mellores calidades vitais.

Estas van, pois, influír decisivamente nas características finais dos trazos artificiais do territorio ao traducirse na creación dun **hábitat** artificial.

Un hábitat constituído como modo de agrupamento dos individuos dunha sociedade e estruturado en relación ao marco natural e funcional que soporta ese grupo, no que a vivenda aparecerá como a súa máis pequena célula material.

2. Espazo, forma e materia

O segundo aspecto que hai que estudar serán as súas peculiaridades como espazo pechado: as súas características interiores e a súa relación cos espazos intermedios e exteriores, a súa organización, a súa iluminación natural, as súas texturas... e a relación entre o núcleo central e o resto dos corpos engadidos ao edificio, é dicir, a súa forma.

O **espazo**, dixemos, non é outra cousa que unha determinada interrelación entre o home e o seu contorno inmediato establecida sobre a base duns condicionantes previos. O espazo existencial do home establécese así en función da relación fluante que existe entre os espazos exteriores e os espazos interiores; entre o que podemos cualificar como espazo absoluto e os distintos espazos secundarios por el definidos.

A arquitectura sen arquitectos encargárase, desde esta perspectiva, de mostrarnos que espazo interior e exterior non son conceptos situados en polos opostos, senón dous conceptos que dependen un do outro e que deben ser contemplados como complementarios.

A casa labrega estrutúrase, ante todo, en función da súa relación co tipo de produción agropecuaria a ela ligado, establecendo unha gradación espacial, ligada a unha estrita funcionalidade, sobre a que poderíamos establecer unha primeira relación fundada na continua relación existente entre os distintos espazos citados: o monte, as agras, as terras de cultivo, os **espazos exteriores ordenados** -como as eiras, os patios...-, os **espazos intermedios** de prolongación da vivenda -como os cubertos-, os **espazos interiores de traballo**, almacenamento e estabulación e os **espazos interiores privados** -como o vestíbulo, a cociña, na que se fan a maior parte das actividades colectivas da comunidade familiar, o comedor ou os cuartos.

De entre eles, aqueles directamente integrados na edificación son espazos fundamentalmente caracterizados pola inexistencia de lugares perdidos e pola relación de continuidade existente entre unhas dependencias que se comunican unhas a través doutras, de xeito que cada peza depende, en gran maneira, das demais chegando, ás veces, a dar a impresión de que a casa é un espazo único -na vida rural organizase unha intimidade colectiva

sen ter en conta o illamento de cada membro- que abarca a totalidade dos seus distintos espazos secundarios.

ESQUEMA ESPACIAL DA VIVENDA POPULAR

<i>ESPAZOS DE TRANSICIÓN</i>	<i>ESPAZOS DE DÍA</i>	<i>ESPAZOS DE NOITE</i>
CUBERTO PLANTA TERREA	INTERIOR PLANTA TERREA	INTERIOR ANDAR
FILTRO	COMUNIDADE	PRIVACIDADE
CON INCIDENCIA NA PRODUCCIÓN	CON INCIDENCIA NA PRODUCCIÓN	SEN INCIDENCIA NA PRODUCCIÓN
- PROTECCIÓN FRONTE AO CLIMA	- CORTES / ESPAZOS DE TRABALLO	- COMEDOR
- LUGAR DE TRABALLO	- VESTÍBULO / PASADEIRO	- DORMITORIOS
- ALMACENAMENTO	- COCIÑA	

No noso primeiro contacto coa edificación distinguiremos, ademais, unhas **formas** xerais que definen o conxunto xeradas como consecuencia da presenza desta limitada secuencia de espazos diferenciados.

A análise da **volumetría** dos distintos corpos comprendidos pola casa-vivenda e as súas construcións complementarias, vannos levar, por tanto, a encontrarmos con dous tipos de feitos que determinarán as súas peculiaridades: as características distributivas e as construtivas.

As primeiras son as orixinadas pola organización dos distintos espazos do edificio en función das características do tipo de produción da explotación, é dicir, a ordenación da vivenda, cortes e alpendres, nunha ou varias construcións relacionadas entre si, respondendo a dous grandes grupos:

A **casa bloque**, caracterizada por contar cun único edificio, de planta cadrada ou rectangular, no que se reúnen os locais de habitación e explotación.

A **casa composta**, na que as diferentes funcións da vivenda rural non se integran nun só corpo edificado, senón que en torno ao núcleo central aparecen toda unha serie de corpos adosados.

As segundas, que constituirán o terceiro aspecto a estudar ao observar calquera tipo de casa labrega, son aquelas determinadas pola existencia dunha gran precariedade de medios técnicos que impón ás edificacións unhas acusadas similitudes concretadas na presenza duns muros sumamente sinxelos (a maior parte das veces sen voos nin elementos decorativos con influencia sobre a volumetría xeral da edificación), e na necesidade dun volume elemental que evite dificultades na construción dunhas cubertas sempre compostas por entre dúas e catro augas.



CASA BLOQUE NA TERRA CHA



CASA COMPOSTA NAS AGRAS CORUÑESAS



VIVENDA NA SERRA DOS ANCARES



CORREDORES NO COUREL

A DEFINIÇÃO DUNS TIPOS FUNDAMENTAIS

Dada a súa diversidade comarcal, non é doado establecer en Galicia unha clasificación que delimite con exactitude os distintos tipos de casa-vivenda labrega. Moitas son as variantes que inciden sobre as súas características, facendo que, incluso dentro dunha mesma área xeográfica, se poidan aprezar diferenzas arquitectónicas, xa sexan debidas á existencia dun determinado microclima diferenciador, ou a un cambio brusco nas características petrográficas.

Na nosa proposta de clasificación, e co fin de chegar a unha primeira perspectiva global das distintas solucións dadas polos construtores populares á casa-vivenda labrega que sirva de base para o coñecemento das súas peculiaridades, intentaremos buscar unha ampla visión de conxunto, por medio duns modelos xerais nos que coincidan, en maior ou menor grao, as súas características espaciais e construtivas.

Estes modelos, que se repiten nun espazo xeográfico e económico cunhas características concretas, reciben a denominación de tipos ou **tipoloxías arquitectónicas**: uns grandes conxuntos edificatorios diferenciados -a arquitectura do litoral, a arquitectura das chairas, vales e depresións centrais, a arquitectura das serras e maila arquitectura do viño nas concas fluviais- nos que poderemos integrar cada unha das diferentes solucións presentes ao longo da xeografía galega.

1. A palloza

Á hora de abordar a análise da nosa arquitectura popular non podemos deixar de sinalar en primeiro lugar, aínda que xa antes temos feito referencias ás súas características, o seu elemento máis singular: **a palloza**, xa que a súa presenza supón a pervivencia en Galicia dunha das máis primitivas construcións aínda hoxe activas do continente europeo. A súa semellanza coas vivendas castrexas é tal que nos permite afirmar que a palloza fixo perdurar ao longo do tempo o reflexo das vellas cabanas celtas.

A súa existencia -estendida a principios do século XX por boa parte das serras orientais- concéntrase, hoxe, na vertente oeste da serra de Ancares, en torno á área determinada pola parroquia de Donís.

As características organizativas das aldeas determinadas pola súa presenza varían en función da localización do **asentamento** e das súas condicións de uso. A palloza dá lugar a uns singulares asentamentos que en planta poden recordarnos acios de uvas coa rede de camiños facendo o papel de elemento articulador. Conxuntos compostos por células unifamiliares illadas pechadas nunhas pequenas parcelas de caprichoso trazado.

Estes asentamentos, situados polo xeral a media ladeira, na zona localizada sobre as mellores terras cultivables, nas que se sitúan as hortas, desenvólvense xeralmente en liña sobre unha corredoira, cun trazado que toma por referencia algunha curva de nivel, co fin de conseguir



PALLOZA



POBOADO SONGHAI. MALI



ALDEA DE PIORNEDO

diminuír ao máximo a pendente da rede viaria e de impedir que o seu posible desenvolvemento deteriore as condicións de soleamento do conxunto.

A palloza, como froito da evolución da casa redonda castrexa, foi sufrindo co tempo sucesivas variacións sobre as súas características primitivas. Delas xurdiron distintos **subtipos** situados entre a inicial planta circular -aínda conservada nalgúñas das ruínas presentes nas desaparecidas **alzadas**- e as plantas tendentes ao trazado rectangular das novas construcións, estendidas nas áreas mellor comunicadas das serras como consecuencia do seu contacto con culturas máis evolucionadas.

Entre estas dúas alternativas encontraremos outras moitas, sempre definidas polas necesidades de cada caso que, xenericamente, poderíamos integrar en tres grandes grupos: as de planta oval ou elíptica, as de planta elíptica truncada polos seus extremos e as de planta rectangular redondeada.

Cumprindo, co rigor imposto polas duras condicións de vida da montaña, as funcións asignadas á edificación -vivenda, estabulación e almacenamento- a distribución do espazo interior da palloza varía en función das súas características e dimensións, desde os casos máis sinxelos -as pequenas plantas circulares- xeralmente utilizados como **celeiro**, concentrando nun único espazo todas as funcións da edificación, até os máis complexos, nos que a organización interna consta de dous, tres, catro dependencias independentes, situadas nun ou máis niveis seguindo as imposicións do terreo da localización elixida.

No nivel máis alto -o destinado a vivenda- no que se encontra o **ástrago** ou entrada, e ao que se accede a través da que, en ocasións, será a única porta da palloza, localízase o **lar**. En torno ao lar, como centro da vida familiar e situados nun mesmo espazo, encontraremos, ademais, toda unha serie de elementos da vivenda como son os **cuartos** ou **camarotes**, aposentos de pequenas dimensións destinados a dormitorio pechados por taboados que asemeñan caixóns de considerables dimensións, o **forno**, os **requeixos**...

No nivel máis baixo, a **estrevariza**, cumpre as funcións de estabulación. Nela gárdase, tamén, o carro e todo tipo de utensilios de labranza.

A **barra**, plataforma de madeira interior situada a altura do muro, cobre, finalmente, a totalidade da estrevariza utilizándose como espazo destinado ao almacenamento e, ás veces, como dormitorio de parte da familia.


Ao tratar de realizar unha apurada descrición da palloza, cabe indicar, por último, que o aspecto máis singular desta construción, xunto co trazado dos seus muros, é a súa cuberta, elemento determinante, como xa vimos, do seu espazo interior. O seu material de cobertura é sempre o **colmo**, palla de centeo que como consecuencia do progresivo descenso do cultivo deste cereal supón o máis grave problema de cara á futura conservación deste tipo de construcións.




INTERIOR DUNHA PALLOZA



COLMADO DUNHA PALLOZA



TIPOS DE PLANTAS NAS PALLOZAS GALEGAS



PLANTA COA DISTRIBUCIÓN DOS DISTINTOS ESPAZOS NUNHA PALLOZA



CUBERTAS DE COLMO NA ALDEA DE SOBRADELO

2. A casa das serras galegas

A **casa rectangular terrea** con cuberta de colmo, posible resultado da transformación da casa redonda, constitúe, xunto a elas, a tipoloxía de casa-vivenda máis primitiva da alta montaña galega, compartindo o protagonismo co tipo resultante da súa transformación en edificacións rectangulares a dous niveis, aproveitando as diferenzas topográficas do asentamento.

Construtivamente, a casa máis primitiva das serras - xeralmente integrada nun irregular conxunto de edificacións cunha agrupación pechada ordenada sobre un camiño que, ás veces, fai que as propias dependencias da vivenda cheguen a cubrir boa parte do seu trazado buscando unha necesaria protección fronte a unha dura climatoloxía- conta cunhas moi reducidas dimensións. A súa cuberta, sempre a dúas augas, está construída con palla ou lousa, mentres que os seus muros -toscamente realizados con cachote con características marcadas pola petrografía do lugar- son baixos e contan con moi escasos vans que se reducen, nalgúns casos, a unha única porta de acceso e a un moitas veces único e escuro espazo cun volume interior definido polos faldrons da cuberta.

O modelo máis xeneralizado é, sen embargo, aquel no que as características do emprazamento en declive -ás veces con fortes pendentes- permitiron ao construtor valerse da diferenza de cotas para ampliar as posibilidades de aproveitamento da edificación mediante a construción dunha planta, semiescavada na ladeira, na que se encontra a corte.



CORREDOR PECHADO. SERRA LUCENSE



INTERIOR DUNHA VIVENDA NO INCIO



VIVENDA NA TERRA DE MONTES

A casa-vivenda de dous pisos con escaleira exterior de pedra, corredor e cuberta de lousa a dúas augas -dominante nuns núcleos de hábitat pechado, nos que as edificacións se agrupan, nunha orde compacta, en torno a un camiño- é a tipoloxía máis estendida en toda a área montañosa do norte da Península Ibérica. Ten, polo común, unhas características distributivas cun limitadísimo repertorio de estancias, reducidas a un espazo central presidido polo lar, ao que se accede a través duns **corredores** orientados ao mediodía, con obxecto de recoller a maior cantidade de sol e gardarse da chuvia e o vento, e un máximo de dous ou tres pequenos cuartos.

Estes corredores, ademais de constituír unha boa solución espacial para regular o paso do exterior ao interior da vivenda e servir de protección aos ocos da fachada fronte ás inclemencias do tempo, son utilizados para secar algúns produtos agrícolas e gardar parte dos útiles de traballo. Construídos en madeira, aparecerán máis ou menos pechados, segundo as características de cada comarca, de maneira que mentres na área dos vales das serras nororientais da provincia de Lugo resultan abertos e limitados unicamente por listóns de madeira, irán pechándose a medida que ascendemos en altitude até aparecer parcial ou totalmente pechados por paramentos de táboas exteriores. O mesmo sucede, por outra banda, nas serras ourensás e do norte de Portugal, onde a única diferenza apreciable será a substitución deses taboados exteriores por solucións realizadas con **pallabarro**, posteriormente caleado, que darán un novo aspecto ás edificacións.



CASA-VIVENDA NO COUREL

3. A vivenda nas chairas e depresións lucenses

Situadas entre as serras orientais e as cadeas montañosas centrais, esténdense, de norte a sur da provincia de Lugo, unha serie de planicies de similares características xeográficas e económicas como a Terra Cha, as depresións de Sarria e Monforte de Lemos... que xeran un hábitat e unha arquitectura de singulares trazos.

A presenza de aldeas disgregadas, agrupadas en **barrios** e compostas por un reducido número de granxas familiares illadas, constitúe a base estrutural do hábitat destas comarcas, conseguindo a súa máxima dispersión na Terra Cha.

As casas-vivenda aparecen, alí, situadas na beira dalgún camiño ou no fondo dalgún carreiro que con el as comunica. No seu contorno, carentes de calquera tipo de cercado exterior e limitadas na súa parte posterior por hortas de pequenas dimensións, nas que se cultivan os produtos agrícolas necesarios para o consumo familiar, sitúanse, dun xeito disperso, as distintas construcións adxectivas da explotación. Non resulta, non obstante, infrecuente atopar na súa fronte un novo espazo exterior, o **curral**, pechado por un **comareiro** vexetal ou un valado de cachotería, no que se sitúan algúns dos lugares de traballo e dependencias agrícolas adxectivas (a eira, a palleira, o forno, o hórreo...). Nas comarcas meridionais de Bóveda e Monforte este espazo chega a adquirir un importante protagonismo ao transformarse nun patio totalmente pechado, con acceso a través dun gran portalón.

Froito dunha xeografía caracterizada por unha climatoloxía favorable, unha topografía moi pouco accidentada, unhas boas comunicacións e unha rica economía baseada na gandaría, a arquitectura das grandes planicies e depresións lucenses dispón, por outra banda, das máis grandes e sólidas edificacións presentes na arquitectura vernácula galega.

Trátase dunha arquitectura que sobresaie polo seu limpo e rotundo volume prismático. Unha arquitectura que, lonxe das irregularidades características a que nos teñen acostumados as nosas edificacións rurais, aparece sobre as suaves lombas da Terra Cha, mostrándonos un único corpo de grandes dimensións no que, as máis das veces, non encontraremos dependencias adxectivas adosadas.

As súas peculiaridades distributivas redúcense, por tanto, á presenza de dúas plantas, con tendencia ao cadrado e dúas cruxías, perfectamente delimitadas polos muros contedores da edificación: a *terrea* -en gran parte ocupada pola corte- conta cun amplo *pasadeiro* que une as fachadas frontal e posterior, ás veces ampliado por un vestíbulo de considerables dimensións no que se gardan parte dos utensilios agrícolas, e unha cociña caracterizada polas dimensións dunha *lareira*, moitas veces situada evitando o esquinall co obxecto de permitir a colocación de *escanos* en todo o seu contorno.

O andar, cunhas dimensións moi superiores ás do resto das tipoloxías galegas -ampliado nalgúns casos por un ancho corredor de madeira, que ocupa a fachada meridional da edificación- contén un moi amplo comedor utilizado para diversas funcións, varios cuartos e unha



CASA-VIVENDA NA TERRA CHA



CASA CON PATIO NA COMARCA DE MONFORTE



CASA-VIVENDA NA TERRA CHA



CASA-VIVENDA NA TERRA CHA

última dependencia, a despensa, na que se gardan os alimentos de uso doméstico.

Unha cuberta de lousa, de catro augas que en ocasións chegan a encontrarse no seu vértice, contribúe finalmente a definir as características espaciais deste tipo de vivenda dando lugar a un último espazo de considerables dimensións, o *faiado*, no que se secan algúns produtos agrícolas e se gardan enseres domésticos.

O xisto, fraccionado en lousas de pouco grosor, constitúe, nesta tipoloxía, o material base para a construción, posibilitando a definición duns grosos muros de grande homoxeneidade e resistencia, reforzados nos seus ocos e esquinais con pezas de cantería ben traballada que melloran a súa trabazón. Estes ocos, que no peor dos casos robustecen os seus linteis con simples trabes de carballo, redúcense a unhas ventás situadas en todo o contorno da casa-vivenda que contan cunhas considerables dimensións, situadas na cara exterior do muro e protexidas por pequenos *tornachuvias* construídos cunha fiada de lousas de xisto voadas tan só uns centímetros do paramento exterior; dúas portas situadas nos extremos do *pasadeiro*, cunhas dimensións superiores ás habituais, e un número indeterminado de *bufardas* que posibilitan a ventilación das cortes e as adegas.



CASA-VIVENDA NAS AGRAS



CASA COMPOSTA NAS AGRAS CORUÑESAS



CASA-VIVENDA NAS TERRAS DO ULLA

4. A vivenda das agras

A arquitectura das agras abarca as edificacións de boa parte das comarcas situadas entre o mar e as serras occidentais. Entre elas encontraremos terras altas e montañosas, cubertas de gándaras e toxais, como a Terra de Melide ou o País de Xallas; terras cubertas por bos pastos como as de Mesía, o val da Barcala; e terras baixas, caracterizadas pola riqueza dos seus vales, como as Mariñas, o val de Vimianzo... dando lugar a tres tipos básicos de agrupamentos:

- As **aldeas pechadas**, do tipo das existentes nas dúas vertentes das serras occidentais, nas que as distintas edificacións se concentran sen ningunha aliñación ao redor dun espazo xeralmente orixinado por unha encrucillada de camiños.
- As **aldeas dispostas en liña**, moi frecuentes en toda a área, compostas por edificacións situadas a ambos lados dun camiño sen unha aliñación ou orientación determinada.
- As **aldeas abertas**, compostas por edificacións espaciadas distantes entre si, situadas en torno a unha vía que actúa como eixo da agrupación, apoiada nunha rede de corredoiras secundarias.

A casa-vivenda das agras está, pola súa banda, formada por todo un conxunto de dependencias agrarias tales como as cortes, o forno, o alpendre... adosadas a un núcleo central no que se localiza a vivenda.

A súa distribución organízase por medio dunha planta terrea estruturada, como no caso da casa lucense,

en torno a un pasadeiro central que une as fachadas posterior e frontal separando as cortes -moitas veces complementadas por novos espazos de estabulación situados en corpos secundarios da edificación- dunha cociña á que, as veces, se lle quita o espazo necesario para dar cabida a algún pequeno cuarto de durmir.

No andar, cando este cobre a totalidade da planta do edificio, encontramos o comedor, as veces tamén utilizado como dormitorio, e un ou dous cuartos con entrada a través do mesmo.

A calidade dos distintos elementos construtivos varía moi considerablemente nesta ampla superficie territorial esencialmente en función dos cambios verificados nas peculiaridades xeolóxicas locais. Estes cambios condúcennos desde a presenza dunha *cachotería careada* de granito de gran calidade, ás veces combinada con corpos de sillería, en comarcas como Amaía, a muros levantados con cachote de ínfima calidade nas comarcas máis orientais, onde o *gneis* é o único tipo de pedra existente. Nestes paramentos exteriores, moitas veces revestidos por unha capa de barro caleado, encontraremos, loxicamente, uns ocos reforzados con solucións que varían entre simples contornos de madeira, como os utilizados nas Mariñas, e as notables mostras de traballo dos canteiros das comarcas meridionais.

As cubertas desta área, sempre construídas en tella do país, contan polo común, con dúas únicas vertentes e cumieira paralela á fachada, mentres que as dos corpos adxectivos manteñen a súa mesma caída e pendente.

5. A casa dos vales e depresións ourensáns

Ao sur do río Sil, as depresións lucenses prológanse a través dunha serie de vales e depresións dependentes dos macizos centrais ourensáns até chegar a unha gran chaira rodeada polas serras de San Mamede, Larouco, Xurés e Leboreiro.

As súas aldeas, situadas na base das montañas, conforman agora amplos conxuntos de edificacións moi concentradas coas características das aldeas pechadas.

Nelas, as construcións, illadas ou non, contan en boa parte das ocasións con accesos exteriores á vivenda por medio de escaleiras de pedra que rematan en amplos corredores de madeira con varandas horizontais.

Son edificacións nas que é necesario salientar a presenza de dúas plantas. Na terrea, ocupada polas cortes, tamén se garda o carro e os apeiros de labranza. No andar localízase a cociña -de dimensións máis reducidas que nas tipoloxías antes expostas- unha sala ou comedor, case sempre utilizada como dormitorio, e un ou dous pequenos cuartos aos que se accede desde a mesma.

O grao de aptitude da pedra destas comarcas posibilita que as súas construcións poidan contar cunha gran solidez, proporcionada por uns paramentos levantados con cachotería concertada composta de irregulares pezas máis ou



CASA-VIVENDA NAS AGRAS CORUÑESAS



ALDEA PECHADA NA MONTAÑA OURENSÁ



SOLUCIÓN DE CUBERTA EN CASA-VIVENDA EN OURENSE



CURRAL INTERIOR NA TERRA DE MONTERREI



CASA-VIVENDA EN OURENSE

menos prismáticas, de similares dimensións colocadas en fiadas horizontais. Realizada en seco ou encintada, esta cachotería aparece reforzada nos esquinais e ocos con grandes pezas de cantería.

Mentres, os tellados de entre dúas e tres augas en función das peculiaridades da edificación, van prolongarse sobre o corredor até cubrilo mantendo sobre as fachadas un *beirado* duns 50 cm. de voo apoiado en *pontóns* de madeira.

Nas terras de Laza e Monterrei, xa no límite con Portugal, cun clima máis seco e uns cultivos fundamentalmente centrados no viño, no centeo e o millo, as características do hábitat varían xa considerablemente. As súas aldeas, agora denominadas **barriadas**, constitúen núcleos pechados, de considerables dimensións e moi concentrados, entre os que, polo común, non aparecerá ningunha poboación diseminada.

Alí as casas-vivenda, ás veces localizadas en torno a un **curral** interior que pode chegar a ser utilizado por varias unidades familiares, contan cunhas plantas terreas nas que a adega aparece separada das cortes por muros de cruxía.

Son, estas, edificacións que conservan gran parte das características anteriormente subliñadas, estando, polo común, unidas por muros medianeiros, e contando con corredores de madeira -con distintos xeitos de apoio entre os que o máis frecuente será a aparición de columnas de pedra- que, no seu extremo, poden albergar pequenas alcobas ou cociñas pechadas por tabiques exteriores de **pallabarro**.

6. A arquitectura do viño

O cultivo do viño ocupa en Galicia unha superficie de preto de 30.000 hectáreas, dando lugar a unha arquitectura que se ben recolle boa parte das peculiaridades da existente na área na que se sitúe cada caso, contará sempre como consecuencia das funcións por ela desempeñadas e a topografía utilizada, cunhas peculiaridades distributivas propias, ben sexa no Larouco, Beade, a Rúa, o Ulla, o Salnés ou o val Miñor.

Nas concas do Miño e o Sil, por exemplo, as aldeas contan coa estrutura organizativa duns asentamentos polinucleares que irán dispersándose a medida que os vales se abren até formar desafogados enxames de edificacións.

A casa-vivenda, sempre situada en lugares costentos, conta con dúas plantas das que a área habitada se reduce ao andar superior ao que se accede por patíns exteriores rematados por corredores máis ou menos amplos.

A súa escura planta terrea, polo xeral semiescavada na ladeira para conseguir unhas boas condicións de humidade e temperatura para gardar o viño, está, tamén, ocupada por unha pequena corte separada da adega por un muro pétreo ou ben por un espazo central utilizado como almacén.



ALDEA NAS TERRAS DO VIÑO

No ámbito xeográfico do Baixo Miño, cando as ladeiras se abren, as aldeas e casas-vivenda, utilizadas nunha máis rica economía familiar fundamentalmente ligada ao cultivo do viño, van vivir considerables transformacións. Alí, os asentamentos van abrirse e as edificacións aparecerán rodeadas por amplos eixidos, ocupados, xunto ás viñas, por cultivos de hortalizas e froiteiras.

Pese a todo, a casa-vivenda do Baixo Miño continúa mantendo unha estrutura espacial baseada na repetición do esquema de casa con acceso exterior ao andar, as veces empoleirada, aínda que agora as súas dimensións se acrecenten e se estenda o modelo de edificación de dúas plantas sobre emprazamento non costento.

Nelas, cunha rica cantería xeneralizada como consecuencia das peculiaridades xeolóxicas da área, resulta necesario destacar a aparición de magníficas solainas xunto a diversas e atractivas solucións construtivas baseadas no dominio do traballo da pedra.

Finalmente, nos ricos vales do Ulla ou o Umia as casas-vivenda adoptarán unha actitude de reserva con respecto ao contorno, que as leva, en boa parte dos casos, a pecharse en amplos patios total ou parcialmente pechados.

Alí, coma no Baixo Miño, a estrutura espacial da edificación ten xa base en corpos rectangulares de dúas plantas e cuberta a dúas augas, apreciándose como elemento caracterizador da súa volumetría a presenza de grandes chemineas de cantería.



CASA-VIVENDA NA CONCA DO SIL



CASA NUNHA ALDEA DO RIBEIRO

7. A casa mariñeira

A costa galega ofrecía até non hai moitos anos un amplo abano de fermosos conxuntos arquitectónicos que conformaban un dos máis ricos capítulos da súa arquitectura anónima. Ao longo do tempo, buscando unha boa protección fronte ao temporal, os pescadores galegos construíron as súas vivendas en lugares defendidos dos ventos mariños por algún accidente xeográfico que ofrecese a necesaria seguridade para ás súas embarcacións, dando lugar a asentamentos agrupados nas zonas mellor orientadas e menos batidas. Nelas, as construcións parecen amontoarse en conxuntos de casas adosadas, ás veces semiescavadas na ladeira na que están situadas, dando lugar a estreitas e tortuosas “rúas” paralelas á liña do mar, cruzadas por camiños normais a elas que, a maneira de ramplas, permitiron, noutro tempo, gardar as embarcacións cando chegaba o temporal.

A casa-vivenda mariñeira reduce, loxicamente, as dependencias destinadas ao almacenamento de produtos agrícolas e ao coidado do gando, quedando estas limitadas, nalgúns casos, a un pequeno cortello situado xunto ao espazo utilizado para gardar os útiles de traballo destinados á pesca.

A vivenda propiamente dita, que nos casos máis elementais viu limitadas as súas dependencias a un único espazo no que se realizaban a totalidade das actividades domésticas, contou, polo común, cunha cociña de non moi



CASAS MARIÑEIRAS



IMAXE DO VELLO CONXUNTO DA GUARDA



CASA DO PINCHO NA RÍA DE VILAGARCÍA

grandes dimensións pola que se accedía ao interior, unha sala frontal que daba acceso a uns pequenos cuartos, ás máis das veces sen ningún tipo de ventá, e, nalgúns casos, un espazo baixo-cuberta no que se almacenaban as redes e durmía parte da familia.

Estas características, xeneralizables a toda a costa galega, tiveron, non obstante, moi distintas concrecións nas diversas comarcas en función da súa particular climatoloxía, dando lugar a diferentes solucións arquitectónicas -directamente ligadas, como no caso das construcións do viño, ao resto da arquitectura da zona- entre as que, a xeito de resumo, poderíamos illar catro grandes conxuntos.

- A **casa terrea**, coas peculiaridades anteriormente mencionadas.

- A **casa do pincho**, xeneralizada na costa galega até entrado o século XX, que, localizada entre medianeiras o co penal nunha cara frontal cunhas dimensións de entre tres e cinco metros, chegou a ampliar o espazo baixocuberta dando cabida a un amplo lugar abufardado, utilizado como dormitorio.

- A **casa con patín**. Único modelo de casa mariñeira con acceso exterior a un andar superior e cunha ampla gama de solucións en función das peculiaridades da localización e os materiais -fundamentalmente a pedra- utilizados, para dar lugar a fermosas mostras de corredor e **solaina**.

- E a **casa entre medianeiras con acceso interior á planta ou plantas superiores**, na que encontramos solucións distributivas que recollen, desde o caso máis elemental - unha cociña situada na planta terrea e un andar reducido a un único espazo utilizado como dormitorio- até casos máis complexos nos que, mentres a planta terrea alberga o espazo de almacenamento, en ocasións acompañado por un cortello, o andar dá lugar a unha vivenda caracterizada pola presenza dunha sala-dormitorio frontal e unha cociña posterior -ás veces sen máis iluminación que un tragaluz situado no tellado- unidas por un corredor lonxitudinal no que desemboca a escaleira e se sitúa un número variable de pequenos cuartos interiores.

Dentro desta propagada solución e como elementos construtivos singulares é preciso, finalmente, sinalar a presenza de dúas inéditas solucións espaciais:

- A **galería**, xurdida como resultado do peche do corredor por medio dunha lámina exterior de madeira e máis ou menos cristal, deu lugar a unha nova dependencia que, a xeito de pequeno invernoiro, contribúe á súa mellor climatización.

- O **soportal**, que, se ben hoxe vive a súa definitiva extinción, tivo unha importante presenza -xurdido como solución práctica para gardar da chuvia os aparellos de pesca- ao dar lugar a magníficos claustros que ao longo das rúas dalgunha das nosas vilas costeiras, preservarían os transeúntes das inclemencias climatolóxicas.



CASA CON PATÍN NA RÍA DE VILAGARCÍA



CASA ENTRE MEDIANEIRA NA MARIÑA LUCENSE



GALERÍA



SOPORTAIS EN COMBARRO

A ARQUITECTURA POPULAR NO COMEZO DUN NOVO MILENIO

Cando un novo século se inicia, a arquitectura anónima - aquelas construcións nas que a sinxeleza chegou as súas máis altas cotas- continúa, a pesar da súa vertixinosa e progresiva degradación, constituíndo un esencial capítulo da cultura de cada comunidade. Un apartado que, a través da total humildade dunhas solucións espaciais, directamente ligadas a un particular xeito de vivir a vida, e unhas intelixentes solucións construtivas se converte para quen nela centre a súa atención, nun insubstituíble exemplo de rigor e racionalidade.



UNHA ARQUITECTURA EN PROGRESIVA DEGRADACIÓN

BIBLIOGRAFÍA.

Rapopport, Amos. Vivienda y cultura. Ed. Gustavo Gili, Barcelona 1972.

Schoenauer, Norbert. 6.000 años de hábitat (1ª parte). Ed. Gustavo Gili, Barcelona 1984.

Lorenzo, Xaquín. A Casa. Ed. Galaxia.Vigo 1982.

De Llano, Pedro. Arquitectura popular en Galicia. Razón e construción. COAG, Santiago 1996.